

# Acta da Asemblea Xeral Ordinaria da FANPA - Pontevedra

## Datos da sesión

Lugar: Auditorio da Biblioteca Pública de Pontevedra (Rúa Alfonso XIII 3, Pontevedra)

Data: 18 de febreiro de 2017

Hora: 10:45 en segunda convocatoria (14 ANPA presentes de 174 ANPA socias)

## Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da actas da asembleas anteriores.
2. Comunicación de ceses de membros Xunta Directiva.
3. Exame e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2016.
4. Exame e aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2017.
5. Exame da memoria de actividades e aprobación, se procede, da xestión da Xunta Directiva.
6. Aprobación, se procede, do programa de actividades.
7. Folga do 9 de marzo e situación actual con CEAPA – CONFAPA e a Plataforma en Defensa do Ensino público.
8. Rolda de intervencións

## Asistentes

- Xunta directiva:
  - Rogelio Carballo Solla (Presidente)
  - Javier Sánchez Sobral (Secretario, delegado de ANPA)
  - Francisco Freire Vila (Vogal, delegado de ANPA)
  - Roberto Rúas González (Vogal, delegado de ANPA)
  - Mar López Fariña (Vogal, delegado de ANPA)
- Delegados/as de ANPA. Asisten 19 delegados/as de 14 ANPA socias.
  - Os Valados: 1 delegado
  - Joaquín Costa: 1 delegado
  - Luís Seoane: 1 delegada
  - Celso Emilio Ferreiro: 1 delegada
  - Cruz Budiño: 2 delegadas
  - Os Campos: 2 delegados
  - A Carballeira: 1 delegada
  - O Castro: 2 delegadas
  - Pardo Bazán: 1 delegado
  - Bolboreta: 1 delegado
  - IES Barro: 1 delegado
  - Frei Martín Sarmiento: 2 delegados
  - Faro das Lúas: 1 delegada
  - O Verxel: 2 delegados

## 1 - Lectura e aprobación da acta das asembleas anteriores

Non se procede á lectura da acta da Asemblea Xeral Extraordinaria do 27 de febreiro de 2016, por terse proporcionado previamente coa antelación requirida polos estatutos a todos os socios, e non solicitar ningún delegado presente a súa lectura. Apróbase por maioría (13 votos a favor, 0 en contra e 6 abstencións).

Non se procede á lectura da acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 27 de febreiro de 2016, por terse proporcionado previamente coa antelación requirida polos estatutos a todos os socios, e non solicitar ningún delegado presente a súa lectura. Apróbase por maioría (11 votos a favor, 0 en contra e 8 abstencións).

## 2 - Comunicación de ceses de membros Xunta Directiva

Comunícase á asemblea o cese dos seguintes membros da Xunta Directiva:

- M<sup>a</sup> Elena Buceta Solla (Non ser socio dunha ANPA federada na FANPA)
- Juan Carlos Saco Mirón (Non ser socia dunha ANPA federada na FANPA)
- María Sáez Fernández (Cese Voluntario)

Apróbase por 14 votos a favor e 5 abstencións.

Anímase as ANPA para cubrir esas vacantes na Xunta Directiva

## 3 - Exame e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2016

O presidente procede a expoñer as liñas xerais das contas do exercicio 2016.

Por parte dunha ANPA pregúntase a razón da elevada contías dos gastos das remesas das cotas ás ANPA. Exponse que en moitos casos e debido a non actualización dos datos das contas bancarias por parte das ANPA.

Propónse que os gastos adicionais das remesas por devolución por causas imputables ás ANPA, sexan repercutidos ás ANPA causantes. Apróbase a proposta por unanimidade (19 votos a favor, 0 en contra e 0 abstencións)

Procédese a votar as contas da FANPA correspondentes ao exercicio 2016 (Anexo I) e apróbanse por maioría (18 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención)

## 4 - Exame e aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2017

O presidente expón os orzamentos correspondentes ao exercicio 2017 recollidos no anexo II. Non se require ningunha explicación adicional por parte de ningún delegado presente na asemblea.

Procédese a votar os orzamentos da FANPA correspondentes ao exercicio 2017 (Anexo II) e apróbanse por maioría (18 votos a favor, 0 en contra e 1 abstención)

## 5 - Exame da memoria de actividades e aprobación, se procede, da xestión da Xunta Directiva

Exponse por parte do presidente as principais actividades desenvolvidas no último ano:

- Convenios Concello de Pontevedra. O de ludotecas pendente de asinar (está nos orzamentos) e renovado o xeral
- Conflitos:

- A Xunqueira II: expediente a profesora
- Carril: comedor
- A Lama: non fomos recibidos
- Folga de outubro contra as reválidas
- ANPA de Marín: intentouse organizalas nunha federación local e se fracasou
- Consello escolar municipal de Pontevedra: únicos que votaron en contra da nova zonificación
- Conflito comedor Príncipe Felipe
- Asemblea CEAPA 10 de novembro en Madrid. Pacto educativo
- Participación en Caixa pro infancia para familias con moi poucos recursos
- Curso de formación a ANPAs
- Valedora do pobo:
  - Obrigas en canto as certificacións de antecedentes por delitos sexuais
  - Obras nos centros con amianto
- Escola de ciencias da educación de Pontevedra. Axuda para as prácticas dos estudantes
- Presenza renovada en web, twitter e FB. Matriculación e pago online de actividades

Unha ANPA pregunta polas directivas europeas relativas ao amianto. Non está desenvolvida en España. Hai un decreto sobre os traballadores. A valedora do pobo solicitará lexislación específica sobre os centros educativos para evitar que durante a mañá se dean clases e as obras se fagan polas tardes. Pide a ANPA que se soliciten medicións nas aulas antes de volver as clases.

Procédese a votar a xestión da Xunta Directiva e apróbase por unanimidade (19 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención)

## 6 - Aprobación, se procede, do programa de actividades

Exponse por parte do vogal da Xunta Directiva integrante da comisión de actividades Francisco Freire o programa de actividades:

### Actividades no Concello de Pontevedra:

- Obradoiros de Entroido
- Programa "Conta Comigo"
- Ludoteca Semana Santa
- Curso anual de programación tecnolóxica
- Obradoiros secundaria: Robótica, curtametraxe e oratoria
- Ludoteca de Verán
- Campamentos de verán
- Ludoteca de Nadal
- Obradoiros de Nadal
- TDAH
- Ábaco / preábaco
- Playing English
- Preparación exames Cambridge
- Curso anual chinés
- Obradoiro tarxetas de nadal
- Madruga / comedor

### Actividades provinciais:

- V certame de relato curto

- Aventura en familia
- Vivencias en familia
- TDAH
- Ábaco / Preábaco
- Preparación certificacións inglés
- Curso de formación de ANPA
- Obradoiro prevención de acoso escolar
- Ponteconducir
- Ponteciencia
- Cursos de inglés no estranxeiro
- Estudo Bonobo

Procédese a votar o programa de actividades propostas e apróbase por unanimidade (19 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención)

## 7 - Folga do 9 de marzo e situación actual con CEAPA – CONFAPA e a Plataforma en Defensa do Ensino público

Explícase por parte do presidente a problemática xurdida en torno á folga na ensinanza do 9 de marzo.

Nunha asemblea de CEAPA decidiuse dar 2 meses de tempo a que a Comisión Parlamentaria fíxese o seu traballo, para ver si serviría de algo, pero a XD de CEAPA sen esperar a que se cumprise ese prazo decidiu convocar esta folga, sen que no noso caso se nos consultase por parte do representante de CONFAPA na XD de CEAPA. Por outra parte tamén xurdiu o mesmo problema coa plataforma, que se están decidindo cousas sen consultar ás federacións provinciais. Por outra banda a presidenta de CONFAPA presentou a súa dimisión, polo que agora é presidente interinamente Rogelio.

Na XD de FANPA, pensamos que este non é o mellor momento para convocar esta folga, e que hai que dar un pouco de tempo a que a Comisión faga o seu traballo. Ademais o propio presidente de CEAPA vai asistir como poñente en dita comisión.

Evidentemente FANPA da liberdade a cada unha das ANPA socias para decidir si secunda ou non a convocatoria.

## 8 – Rolda de intervencións

Nova zonificación de Pontevedra. Explica o presidente que a única participación no proceso por parte das ANPA é no Consello Escolar Municipal, onde a cota das ANPA é moi baixa e case testemuñal. Comentarios:

- En moitos casos quítanse zona próxima aos coles para darlle a outros centros mais lonxe. Os nenos non van ao centro que teñen mais cerca.
- Nalgúns casos problemas coas prazas de autobús, nos centros da periferia, xa que cada vez envíanse máis alumnos para eses centros e non se amplían rutas de transporte. A forma de facer que os centros do rural ganen alumnos é incrementando ou mellorando o transporte dende o centro.
- A zonificación debería axustarse máis frecuentemente, cada ano se é preciso. A quen lle afecta a zonificación é aos pais, non aos mestres.
- O obxectivo é distribuír os nenos uniformemente entre todos os centros para diminuír as ratios sen pechar liñas.

Fálase de que é inconcibible que centros do centro, que non teñen problema de conectividade, non teñan abalar, coa importancia da formación tecnolóxica. Hai moitos atrancos por parte dalgúns profesores para algúns programas como o abalar, seccións bilingües, etc...

Por parte dalgunhas ANPA hai queixas respecto aos conserxes dos centros, que nalgúns casos non fan nada ou o mínimo. Non están claras as súas funcións. Se pedirá no consello escolar municipal que se detallen as funcións dos conserxes de primaria do Concello de Pontevedra.

## Finalización da xuntanza

Sendo as 12:50 horas da data sinalada no encabezamento levántase a sesión.

O secretario:

O presidente:

Javier Sánchez Sobral

Rogelio Carballo Solla

## Anexo I: Contas do exercicio 2016

### LISTADO DE CONTAS INGRESOS E GASTOS DENDE O 01/01/2016 ATA O 31/12/2016

SALTO TOTAL	CONCEPTO	IMPORTE			
		CONVENIO	FEDERACION	COBROS	LA CAIXA
130.724,68 €	SALDO INICIAL A 01/01/2016	89.364,79 €	23.268,89 €	12.091,00 €	6.000,00 €
140.522,27 €	SALDO FINAL A 31/12/2016	97.429,12 €	25.260,40 €	11.832,75 €	6.000,00 €
149,76 €	CAIXA SALDO INICIAL A 01/01/2016	149,76 €			
105,26 €	CAIXA SALDO FINAL A 31/12/2016	105,26 €			
	FONDO RESERVA	1.600,00 €	1.000,00 €		

### INGRESOS

DO 2015	4ª CONTA XUSTIFICATIVA 2015 CONCELLO	78.041,65 €	-	-	-
	LUDOTECA NADAL CONCELLO	13.094,00 €	-	-	-
CUOTAS ANPA	REMESA	-	6.947,00 €	-	-
	GASTOS REMESA	-	-1.009,94 €	-	-
RELATO CURTO	ABANCA, GADISA, DEPUTACIÓN	-	4.440,01 €	-	-
VIVENCIAS EN FAMILIA	6 FINES DE SEMANA PADRES	-	4.054,00 €	-	-
CONTA CONMIGO		-	36,00 €	2.766,24 €	-
OBRADOIROS NADAL		185,00 €	-	-	-
LUDOTECA NADAL		-	-	6.939,03 €	-
CONCELLO	1ª XUSTIFICACION 2016	55.369,40 €	-	-	-
	2ª XUSTIFICACION 2016	79.382,08 €	-	-	-
	3ª XUSTIFICACION 2016	29.549,17 €	-	-	-
	LUDOTECA VERAN	45.000,00 €	-	-	-
SEMANA SANTA		-	-	690,00 €	-
XUNTA GALICIA	COMEDORES 2014-2015	48.714,91 €	-	-	-
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>349.336,21 €</b>	<b>14.467,07 €</b>	<b>10.395,27 €</b>	<b>0,00 €</b>

### GASTOS

DEL 2015 PAGADOS EN EL 2016	TELEFONO	140,57 €	-	-	-
	COMEDOR Y MADRUGA	47.361,56 €	-	-	-
	TDAH	3.750,00 €	-	-	-
	ADAPOH 2015	514,50 €	-	-	-
	LUDOTECA NADAL 2015	16.568,05 €	-	-	-
	OBRADOIROS	9.305,09 €	-	-	-
	OBRAS TEATRO	1.452,00 €	-	-	-
	SEGURIDAD SOCIAL E IMPOSTO 111	1.187,83 €	-	-	-
XUNTA	DEVOLUCIÓN COMEDORES 2014-2015	51.732,44 €	-	-	-
ACTIVIDADES	CONTA COMIGO	8.143,77 €	-	-	-
	OBRADOIRO ENTROIDO	1.007,47 €	-	-	-
	OBRADOIRO SEMANA SANTA	614,09 €	-	-	-
	RELATO CURTO	-	4.173,70 €	-	-
	ROBOTILAB	4.148,35 €	-	-	-
	TDAH. Anias	1.525,00 €	-	-	-
	OBRADOIROS	3.172,13 €	-	-	-
ASESORIAS	VIVENCIAS EN FAMILIA. Latitud 24 N. Convivencia Ons	-	4.281,65 €	-	-
BANCO	CYTEM Y AVOGADO	3.515,05 €	72,60 €	-	-
	COMISIONES MANTENIMIENTO Y TRANSFERENCIAS	11,00 €	10,00 €	65,46 €	-
COMEDOR Y MADRUGA	MADRUGA	25.679,84 €	-	-	-
	BECADOS	10.563,60 €	-	-	-
	COMIDA	48.665,21 €	-	-	-
	LEMA Y BANDIN. AUDITORIA COMEDORES	2.828,60 €	-	-	-
	ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	2.608,26 €	-	-	-
GASTOS DIRECTIVA	XUNTA DIRECTIVA	110,02 €	1.069,59 €	-	-
GASTOS OFICINA	CERTIFICADO TASAS	53,96 €	17,71 €	-	-
	CORREOS - ENVIOS	27,88 €	-	-	-
	MUGATRA - PREVENCION riscos laborais	-	266,41 €	-	-
	AYS INNOVA- LEY PROTECCION DATOS	181,50 €	-	-	-
	DINAHOSTING S.L.- INFORMATICA	451,35 €	-	-	-
	PASARELA DE PAGO caja 8-11	34,95 €	-	-	-
	PLATAFORMA FANPA 28-12 caja	-	161,77 €	-	-
	CONFAPA CUOTAS 2013-2016	-	1.799,90 €	-	-
	MANUALES LEGISLATIVOS OFICINA	-	213,00 €	-	-
	SEGURO OFICINA BENITO CONTRERAS	238,19 €	-	-	-
	PAPELERIA	993,15 €	-	-	-
	VIARIOS (ARREGLO ORDENADOR, HERRAMIENTAS,...)	525,54 €	-	-	-
LUDOTECAS	LUDOTECA VERAN	46.191,28 €	-	10.220,09 €	-
NOMINAS	NOMINAS	28.433,56 €	-	-	-
	SEGURIDAD SOCIAL TCs	12.238,42 €	-	-	-
	MOD.111 RETENCIONES TRAB. Y PROF.Xane-Mar	5.964,72 €	-	-	-
TELEFONO	TELEFONO - TELEFONICA MOVILES Xaneiro	2.164,65 €	-	-	-
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>342.093,58 €</b>	<b>12.066,33 €</b>	<b>10.285,55 €</b>	<b>0,00 €</b>
<b>BALANCE ANUAL</b>		<b>7.242,63 €</b>	<b>2.400,74 €</b>	<b>109,72 €</b>	<b>0,00 €</b>



## Anexo II: Orzamento 2017

<b>ORZAMENTO 2017</b>		<b>278.000,00 €</b>
<b>CONVENIO</b>		<b>210.000,00 €</b>
<b>COMEDORES ESCOLARES</b>		
<b>MADRUGA</b>		130.000,00 €
<b>CONTROL CALIDADE COMEDORES</b>		3.200,00 €
<b>PERSOAL ADMINISTRATIVO</b>		47.000,00 €
<b>ASESORÍAS</b>		3.500,00 €
<b>GASTOS OFICINA</b>		6.000,00 €
<b>FONDO RESERVA</b>		800,00 €
<b>ACTIVIDADES</b>		19.500,00 €
	TDAH	4.000,00 €
	CONTA COMIGO	8.500,00 €
	OBRADOIROS ENTROIDO	1.000,00 €
	OBRADOIROS SEMANA SANTA	2.500,00 €
	LUDOTECA SEMANA SANTA	2.000,00 €
	OBRADOIROS TECNOLOGICOS	1.500,00 €
	METODO ABACO UCMAS	0,00 €
<b>LUDOTECAS</b>		<b>55.000,00 €</b>
LUDOTECA VERAN		43.000,00 €
LUDOTECA NADAL		10.000,00 €
OBRADOIROS NADAL		2.000,00 €
<b>PROVINCIAL</b>		<b>13.000,00 €</b>
	INGRESOS CUOTAS	8.000,00 €
	SUBVENCIÓN XUNTA	3.000,00 €
	INGRESOS ACTIVIDADES	2.000,00 €
CERTAME RELATO CURTO		4.500,00 €
VIVENCIAS EN FAMILIA		3.000,00 €
AVENTURAS EN FAMILIA		2.000,00 €
GASTOS XUNTA DIRECTIVA		1.000,00 €
GASTOS C. FORMACION		700,00 €
GASTOS OFICINA		850,00 €
FONDO RESERVA FANPA		500,00 €
CONFAPA CUOTA ANUAL		450,00 €